

ACTA N° 06/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 9 de febreiro de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 05/09, do 02/02/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 14/09 – D. EUGENIO NOGUEIRA CANCELAS presenta estudo técnico para cambio de tella dunha vivenda unifamiliar, sita no barrio de Igrexario núm. 68, Tirán, de conformidade co estudo técnico presentado, redactado polo arquitecto

técnico D. Humberto Guimerans Gallego, visado na data 27.01.2009. Superficie construída 50,00 m2, orzamento das obras: 2.824,10 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza** das obras de conservación de vivenda para cambio de tella previa colocación de planchas asfálticas onduladas, colocación de canalóns e baixantes así como pintado de voos na cuberta que se definen en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na restauración parcial dunha obra fóra de ordenación na cal non está prevista a expropiación ou demolición nun espazo de quince anos, obras sen incrementado do valor de expropiación nin mais consolidación que o reforzo parcial cando as obras non estan afectadas por sistemas xerais, se posicionen en solos urbanos non consolidados ou urbanizables inmediatos. Co obrigado mantemento do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	79,07 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

2.B) EXPTE. 246/07 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. presenta separata do proxecto de L.M.T. CT RBT Ameixoada (nº SGD: 534107030004) de conformidade co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández, visado na data 22.10.2007.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: LMT, CT, RBT (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza.

Non require informes sectoriais.

Atendendo o disposto no Artigo 33.2.f) da LOUGA, as edificacións en solo rústico necesarias para o funcionamento de infraestructuras que non superen os 50 metros cadrados, especificamente as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica non precisarán autorización autonómica previa a licenza urbanística municipal, segundo o establecido no Artigo 41 desta lei.

Retranqueos da vía pública e lindantes serán respectivamente 10 metros do eixo 5 metros do linde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción..... 932,82 €

Taxas licenza urbanística..... 83,28 €

3.-PECHE

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 12/09, D. JESÚS LÓPEZ GARCÍA presenta memoria para a construción de muro de peche a lindantes; situado en Refoxos nº 174, Meira, concordante co croquis que achega. Superficie do muro de peche 50,00 m2 (25x2); orzamento das obras 1.750 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO DE PARCELA (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Altura máxima a partir da rasante será de dous metros.

Retranqueará no enteste co camiño a posición de catro metros do eixo do mesmo.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción 49,00 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.- LICENZAS DE APERTURA

4.A) EXPTE. 25/08 – D.ª BELÉN LÓPEZ LANDESA solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 2 de xullo de 2008, licenza de apertura para establecer un Centro de Estética e masaxes, na rúa Daniel Castelao, 74, baixo.

Visto o informe do aparelador municipal do 3 de febreiro de 2009, que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA CENTRO DE ESTÉTICA E MASAXES.

INFORME: Procede licenza de apertura con destino a CENTRO DE ESTÉTICA E MASAXES a favor de MARÍA BELÉN LÓPEZ LANDESA.

A ordenación de usos para a zona determina a súa compatibilide.

A licenza urbanística de uso se outorga definitivamente mediante unha única resolución coa licenza de apertura (Artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro), unha vez incorporados ao expediente de apertura con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas .

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do aparelador municipal, por unanimidade das persoas asistentes acorda aprobar o outorgamento da licenza de apertura con destino CENTRO DE ESTÉTICA E MASAXES a favor de D.^a MARÍA BELÉN LÓPEZ LANDESA, expediente 25/08, condicionada ao cumprimento dos requisitos reflectidos no informe emitido polo técnico municipal.

4.B) EXPTE. 23/08 – D. CARLOS PEREIRA MÍGUEZ solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 13 de maio de 2008, licenza de apertura para establecer un SUPERMERCADO, no barrio do Calvar, nº 10 – baixo – Domaio.

Visto o informe do aparelador municipal do 5 de febreiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: LICENCIA DE ACTIVIDADE CLASIFICADA PARA APERTURA DE INSTALACIÓN DESTINADA A SUPERMERCADO

INFORME: Procede licenza de actividade clasificada para apertura.

Procédese á formación e tramitación en pezas separadas para cada intervención administrativa os expedientes que se esixen de licenza urbanística e de apertura. Licenza urbanística de obras, expediente 129/08.

Se somete a licenza de actividade clasificada para a apertura o denominado PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE UN SUPERMERCADO.

O expediente conta con informe favorable de sanidade,; informe favorable da inspección acústica e certificado final de obra do facultativo intervinente na mesma.

Atendendo o disposto no Artigo 196.2, parágrafo último da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), o técnico que informa, unha vez recibida a resolución co nº de rexistro de saída 13542 de 25 de novembro do 2008 do Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, estima que co cumprimento dos requisitos establecidos na resolución referenciada será procedente otorga-la licenza de actividade ou de apertura.

De xeito unitario se notificará o interesado que para a obtención da licenza da actividade clasificada como molesta S.C.D., produción de ruído, , **a instalación deberá cumprir coas determinacións do proxecto; así mesmo previa a concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contarán coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A traballar coas portas e fiestras fechadas e ventilación forzada, todos os residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa**

normativa vixente. Non instalará equipo musical ou similar. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do concello. Previa obtención de licenza de actividade definitiva, na visita de comprobación, deberá estar o titular en posesión dun certificado de ruidos e vibracións favorable, emitido por empresa homologada n medición de ruidos. Instalará separador de graxas, debidamente dimensionado, previo entronque co sumidoiro, para as augas procedentes dos fregadoiros da carnicería e pescadería, segundo os planos e memoria. O equipamento de ventilación/climatización contará con illamento acústico e antivibratorio, disporá de elementos de relentización de velocidade de saída do aire viciado e as saídas estarán alonxadas dos ocos ou fiestras das vivendas próximas. Todo equipamento dotado de motor/es estará debidamente equilibrado estática e dinamicamente, en bó estado de conservación, apoiaranse sobre material absorbente/elástico que asegure a minimación do ruído ou vibración e afastado de partes estruturais que poidan actuar como transmisoras de ruído ou vibracións.

Atendendo o disposto no Artigo 34 do RAMINP (Decreto 2414/1961), pola Inspección de obras se efectúa a visita de comprobación da instalación; a resultados da mesma se informa o axuste da instalación as determinacións do expediente polo que procederá autorizar a apertura do supermercado..

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 1.025 €

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do aparelador municipal, por unanimidade das persoas asistentes acorda aprobar o outorgamento da licenza de apertura con destino SUPERMERCADO a favor de D. CARLOS PEREIRA MÍGUEZ, expediente 23/08, condicionada ao cumprimento dos requisitos reflectidos no informe emitido polo técnico municipal.

5.- SOLICITUDE DE CAMBIO NA TITULARIDADE LICENZAS DE APERTURA

5.A) EXPEDIENTE 02/09 – Mª DEL CARMEN MARTÍNEZ CORDEIRO

Vista a instancia presentada o día 19 de decembro de 2008 por Dona MARÍA DEL CARMEN MARTÍNEZ CORDEIRO, na que expón que é a nova titular do establecemento de hostelería denominado “BAR TREN”, antes “BAR O BAILE”, situado en Abelendo, 70 baixo, e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 6 de febreiro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 06.01.09, en relación coa solicitude presentada por Dna. María del Carmen Martínez Cordeiro, na data do 19.12.2008, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licencia de Apertura de CAFE-

BAR, sito na rúa Abelendo, nº 70, pertencente a D. MANUEL GALLEGO JUNCAL, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, **consta no mesmo**, Licencia Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa, Abelendo nº 70, pertencente a **D. MANUEL GALLEGO JUNCAL**, pola **Comisión de Goberno de data do 28.04.1987**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Abelendo 70, baixo, pertencente a **D. MANUEL GALLEGO JUNCAL**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 28.04.1987**, a favor de **DONA MARÍA DEL CARMEN MARTÍNEZ CORDEIRO**.

5.B) Vista a instancia presentada o día 7 de xaneiro de 2009 por Dona MARÍA DEL CARMEN ROMERO PÉREZ, na que expón que recibiu como herdanza dos seus pais un local destinado a Cafe-Bar na rúa Estrada Cangas-Vilaboa, edificio Las Arenas – achega copia do testamento e da licenza de apertura-, e solicita polo falecemento do seu pai o cambio de titularidade ao seu nome.

Visto o informe do aparellador municipal do día 14 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE: REXISTRO DE ENTRADA 110 (7.01.2009)
ASUNTO: CAMBIO DE TITULARIDADE DE CAFÉ-BAR
PETICIONARIO: Mª DEL CARMEN ROMERO PÉREZ

INFORME: **Non procede o solicitado** por ser manifesta o cese de actividade no local; esta discontinuidade determina a reiniciación do expediente dado que debe terse en consideración que na actualidade existen novas esixencias legais pola entrada en vigor de determinadas normativas que lle afectan ao local con posterioridade a data da licenza de apertura (16-12-1964). De non ser así, conduciría perpetuar unha situación de alegalidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a petición polos motivos recollidos no informe do aparellador municipal.

6.- PROPOSTAS DE GASTO DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS

6.A) Vista a proposta da concelleira de Igualdade e Servizos Sociais do 3 de febreiro de 2009, na que se recolle que con motivo da celebración do día 14 de febreiro na ludoteca prevese realizar un concurso de cartas de amor entre os seus socios e que, para incentivar a participación, daráselle a cada participante un pequeno agasallo e aos/ás tres pequenos/as que escriban as mellores cartas de amor levarán un premio cada unha.

Visto o orzamento presentado pola librería O Pontillon para os agasallos pola participación neste concurso, por un importe de 61,45 euros.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3130-22611, RC 304.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da concelleira e así aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 61,45 € a favor de Librería O Pontillón – Benxamin Riobó Sanluis, con cargo a partida 3130-22611 RC 304, polos agasallos pola participación no concurso Cartas de Amor da Ludoteca.

6.B) Vista a proposta de Concellaría de Servizos Sociais de data de 5 de febreiro de 2009 por un importe de 4.800 €, en concepto de **Vacacións en Paz 2009 - Acollida de nenos/as Saharauís,**

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as condicións do programa “Vacacións en Paz 2009” e vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3130-22620, RC 302.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda.

Primeiro: autorizar e dispoñer o gasto por un importe de 4.800 € pola programación de Vacacións en Paz 2009, con cargo a partida 3130-22620, RC 302.

Segundo: Tramitar o pagamento dos agasallos para a recepción dos nenos/as no Concello mediante un pagamento a xustificar por importe de 600 euros liberados a nome da concelleira de Servizos Sociais, D.^a Libertad Cruz Couso.

7.- PROPOSTAS DE GASTO

7.A) Visto o orzamento presentado por URBASER para o servizo de limpeza da praza de abastos, correspondentes aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2009 por un importe de 4.914,42 €, solicitado polo departamento de Servizos.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4421-22700, RC 301.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 4.914,42 € a favor de URBASER, con cargo a partida 5110-22700 RC 301, polo Servizo de limpeza da praza de abastos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2009.

7.B) Visto o orzamento presentado por WURTH, SOFTWARE Y SERVICIOS para a visita ás oficinas do Concello para a formación na aplicación WINTASK padrón, por un importe de 197,18 €.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 1210 22706, RC 303.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 197,18 € a favor de WURTH, SOFTWARE Y SERVICIOS, con cargo a partida 1210-22706 RC 303, por formación da aplicación Wintask – padrón de habitantes.

8.- ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A NAVE DE SERVIZOS

Vista a proposta da Alcaldía de data 09 de febreiro de 2009, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a Nave de Servizos.

Conforme coa cláusula terceira do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo.

O arrendador do local, presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

Unión Fenosa Distribución, S.A 030900110079008 638,07 euros.

Na súa consecuencia propono: o recoñecemento da obriga a favor de **ANTONIO SANCHEZ CARBALLO**, por importe de 638,07 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida orzamentaria 5110 22100 correspondente ao mes de xaneiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 638,07 euros, a **ANTONIO SANCHEZ CARBALLO** en concepto de de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo a partida 5110 22100.

9.- HORAS EXTRAORDINARIAS DE PERSOAL MUNICIPAL

D.^a Margarita Calvar Fernández presenta, a petición do alcalde, a relación de horas extras que tivo que facer no Rexistro os días 21, 24 e 25 de novembro de 2008 para dar entrada as solicitudes presentadas ás listas de traballo abertas, por un total de 9 horas e media.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a liquidación das horas extras presentadas, por 9 horas 30 minutos, por traballos extraordinarios os días 21, 24 e 25 de novembro por servizos extraordinarios no Rexistro de documentos, por un importe de 13,06 €/hora.

10.- AXUDAS EXTRASANITARIAS PERSOAL FUNCIONARIO

Visto o escrito de D.^a Margarita Calvar Fernández, funcionaria do Concello, do 28 de xaneiro de 2009 no que expoñe que a Xunta de Goberno do 1 de decembro de 2008 autorizoulle o gasto para o pago da factura pola compra de gafas e que como xa presentou orzamentos e facturas, solicita que lle se ingrese en conta o importe da factura mentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 112,50 € en concepto de axudas extrasanitarias, con cargo á partida 1210-16203 RC 308.

11.- CONCENTRACIÓN MOTORISTA

Vista a proposta do concelleiro de Departamento de Turismo e Promoción Económica para a realización dunha concentración motorista en Moaña os días 6 e 7 de xuño de 2009 organizada polo Moto Club “LA 3-13”, e para que no marco desta actividade se desenvolva o “Show Acrobático Motard”,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o proposta do concelleiro.

12.- PROPOSTA DE PONTES PARA O ANO 2009

Vista o escrito do Comité de persoal do 6 de febreiro de 2009 no que se propoñen as pontes para o ano 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar os seguintes días como pontes para o persoal municipal: para o ano 2009: 20 de marzo, o 18 de maio e o 12 de novembro.

13.- CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRES OFICIAIS PARA OS TRABALLOS DE MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DO COMPLEXO HOSTALEIRO DEPORTIVO DO BEQUE, DO CONCELLO DE MOAÑA

O Concello pretende a contratación de tres oficiais para os traballos de mantemento, vixilancia e control do complexo hostaleiro deportivo do Beque, do Concello de Moaña mediante unha contratación de carácter laboral temporal, a xornada completa, mediante contrato por obra ou servizo de nove meses de duración .

Vistos os informes do Secretario municipal e da Interventor municipal.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

- 1º) Levantar o reparo emitido pola Intervención Municipal en informe de data 6 de febreiro de 2009, por entender suficiente a publicidade proposta, a sustantividade da obra ou servizo xustificativo do tipo de contrato é á vista da necesidade da contratación.
- 2º) Aprobar o inicio do procedemento de selección para a contratación tres oficiais para os traballos de mantemento, vixilancia e control do complexo hostaleiro deportivo do Beque, do Concello de Moaña mediante unha contratación de carácter laboral temporal, a xornada completa, mediante contrato por obra ou servizo de nove meses de duración, a contar dente o 16 de marzo de 2009.

3º) Aprobar os criterios de selección, así como a data de selección dos mesmos, publicando anuncio da convocatoria no Faro de Vigo e no taboleiro de edictos do Concello.

As bases literalmente quedan como segue:

“CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRES OFICIAIS PARA OS TRABALLOS DE MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DO COMPLEXO HOSTALEIRO DEPORTIVO DO BEQUE, DO CONCELLO DE MOAÑA.

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a contratación de tres oficiais de servizos varios, para o coidado, mantemento, vixilancia e control do Complexo Hostaleiro e deportivo de O Beque, do Concello de Moaña.

Os oficiais de servizos varios a contratar terán entre as súas funcións as labores de: Coidado e vixilancia das instalacións. Labores de atención ó público visitante, coordinación do uso das pistas deportivas, control, coidado e mantemento da piscina, labores de mantemento das instalacións do Beque e os seus xardíns, labores de pequenas reparación de (fontanería, carpintería, albanelería, electricidade, xardinería, etc...).

A contratación será de carácter laboral temporal, a xornada completa, mediante contrato por obra ou servizo de nove meses de duración. As retribucións a percibir serán: soldo base 845,31 euros, p.p. Extraordinaria 180,30 euros, complemento extra salarial no que se integran os sub conceptos de noturnidade 93,39 euros, dedicación 100,82 euros, prima puntualidade 33,96 euros, indemnización por cese 28,05 euros, 1% masasalaria 8,29 euros. Total mes 1.290,12 euros.

Reducirase unha hora día laborable a xornada laboral, para compensar os días festivos. O traballo organizarase a quendas rotativas **para a cobertura do servizo de luns a domingos.**

SEGUNDA: CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, deberanse de acreditar:

a) Ser español.

Os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que os españois a aqueles sectores da función pública ás que lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Deberán acreditar a súa identidade, expedida polas autoridades competentes do país de orixe.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade na data de remate de presentación de instancias.

c) Estar en posesión do título de graduado escolar, F.P I, ou equivalente.

d) Titulación acreditativa a ter realizado cursos de primeiros auxilios..

e) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lles impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.

f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó estado, Comunidades Autónomas ou ás entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

g) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións legais vixentes.

Todos estes requisitos, posuíranse no momento de rematalo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: Instancias.

As instancias para tomar parte no proceso desta convocatoria, nas que os aspirantes manifestaran que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde presidente da Corporación e presentaranse no Rexistro Xeral deste concello de 9:00 a 14:00 horas desde o día **11 de**

febreiro ao 18 de febreiro. Así mesmo, os aspirantes acompañarán ás instancias a documentación seguinte:

- * Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- * Fotocopia compulsada da titulación esixida, ou no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición da mesma.
- * Fotocopia compulsada da titulación acreditativa de ter realizado cursos de primeiros auxilios.
- * Certificado expedido por médico colexiado de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- * Declaración xurada de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartados f) e g). Sen prexuízo no seu caso de ter que acreditar tamén de documental no caso de que o solicítase o tribunal.
- * Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- * Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATAS DAS FASES DA CONVOCATORIA

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

-A Técnica Local de Emprego.

Vocais:

- O Secretario da Corporación
- Funcionario adscrito a área de Persoal
- Un vocal designado a proposta do Comité de Persoal
- O capataz da brigada de Servizos

Secretario:

-Un funcionario da área de Secretaría, que actuará con voz pero sen voto.

Serán funcións do tribunal a baremación da documentación aportada para a valoración de curriculum, a corrección e valoración da proba tipo test eliminatoria e a valoración da proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver.

- Presentación de instancias: do 11 de febreiro ao 18 de febreiro.
- Lista provisional de admitidos e excluídos e valoración provisional dos curriculum: 20 de febreiro.
- Período de reclamacións: os días 23 e 24 de febreiro.
- Lista definitiva de admitidos e excluídos, valoración definitiva de curriculum 25 de febreiro.
- Realización do exercicio tipo test o día 26 de febreiro, ás 17 horas, no Salón de Plenos do Concello, Rúa As Barxas, 2 de Moaña.
- Resultados definitivos do exercicio tipo test o 27 de febreiro.
- A proba práctica será realizada o día 3 de marzo, o lugar e hora en que terá lugar esta, será comunicado oportunamente.
- Día 5 de marzo exposición no taboleiro de anuncios do Concello do resultado das puntuacións finais dos candidatos e proposta de aprobados. Inicio do contrato o 16 de marzo.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

A selección constará de tres probas, sendo os seus contidos e cualificacións os que se describen de seguido:

Valoración do curriculum: 40%

a) Cursos:

Por cada curso acreditado, directamente relacionado coas funcións a desenvolver, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades:

- * Ata 40 horas0,10 puntos.
- * De 41 a 100 horas.....0,25 puntos
- * De 101 a 200 horas.....0,50 puntos
- * Mais de 200 horas.....0,75 puntos.

A máxima puntuación neste apartado será de 1,00 puntos.

* Titulación en salvamento e socorrismo ...0,50 puntos.

b) Experiencia profesional

* Por cada mes de traballo acreditado nas administracións públicas, en posto asimilable ó que aspira.....0,07 puntos

* Por cada mes de traballo acreditado en outras entidades privadas, en posto asimilable ó que aspira.....0,06 puntos

Considéranse postos asimilables ó que se aspira: ter realizado labores de: mantemento e control de instalacións, labores de albanería ou similares, xardinería ou similares, electricidade ou fontanería, salvamento e socorrismo. As valoracións anteriores consideraranse por cada mes de traballo a xornada completa, no suposto de xornada parcial as valoracións reduciranse na parte proporcional. A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación oficial da vida laboral e copias dos contratos ou nóminas, ou IAE e alta na Seguridade Social no caso de autónomos, ou mediante calquera outra certificación oficial admitida e n dereito.

A máxima puntuación neste apartado será de 2,00 puntos.

c) Coñecemento acreditado do idioma galego:

* Celga 3 ou equivalente0,25 puntos

* Celga 4 ou equivalente.....0,50 puntos.

Só se concederá validez ós cursos ou titulacións homologados polos organismos oficiais da Xunta de Galicia.

A máxima puntuación neste apartado será de 0,50 puntos.

Na fase de valoración de curriculum poderase acadar un máximo de 4 puntos.

Exercicio tipo test: Eliminatorio 20%

Os aspirantes deberán presentarse na casa do concello para a realización do exercicio, este se fará en chamamento único e estarán provistos do DNI, quedando excluídos do procedemento selectivo os aspirantes que non comparezan.

O exercicio constara en contestar por escrito unha serie de 20 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, das que só unha poderá ser correcta.

As preguntas versarán sobre as materias comúns e específicas do temario que figura como anexo I desta convocatoria.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 20 minutos.

Este exercicio tipo test é eliminatorio, só poderán continuar no proceso selectivo os candidatos que logren aprobar, considerándose aprobados os que acaden a metade dos puntos posibles. Da puntuación acadada reducirase a puntuación resultante de multiplicar o número de preguntas falladas por 0,10 por 1/3. Os candidatos que non acaden esta puntuación quedarán automaticamente excluídos do proceso selectivo.

A puntuación máxima deste exercicio será de 2 puntos

Exercicio ou proba práctica. 40% da puntuación

Este exercicio consistira na realización de varios supostos prácticos relacionadas coas funcións que deberán desenvolver os oficiais de servizos varios, para o mantemento, vixilancia e control do Complexo Hostaleiro e deportivo de O Beque, do Concello de Moaña. (Coidado e vixilancia das instalacións. Labores de atención ó público visitante, coordinación do uso das pistas deportivas, labores de mantemento das instalacións do Beque e dos seus xardíns, labores de pequenas reparación de (fontanería, carpintería, albanería, electricidade...).

Os membros do tribunal, deberán valorar as probas realizadas por cada aspirante de 0 a 4 puntos.

A puntuación máxima desta proba será de 4 puntos.

SEXTA.-CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. Á cualificación obtida polos aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ás prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

SÉTIMA.-NOMEAMENTO

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal proporalle ó Alcalde Presidente da Corporación a contratación dos aspirantes que acaden maior puntuación, que resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos no Real Decreto 1/1995, polo que se aproba o estatuto dos Traballadores.

OITAVA.-CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vencellan á Administración, o tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

NOVENA.-INCIDENCIAS

O tribunal seleccionador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMA.-RÉXIME XURÍDICO

Este proceso selectivo regularase polo disposto nas bases xerais e específicas da convocatoria e no non previsto nestas pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, polo Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, e polo Real decreto 364/95, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local .

DÉCIMO PRIMEIRA.-PUBLICIDADE.

As presentes bases faranse públicas no tabuleiro de anuncios do Concello de Moaña Un anuncio da convocatoria das probas publicarase nun diario de maior difusión comarcal con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes.

DECIMO SEGUNDA.-DISPOSICIÓN FINAL

As bases xerais e específicas desta convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99.

A Administración tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Moaña, 28 de xaneiro de 2009,

ANEXO I.

Materias comúns:

Tema 1.- A Constitución de 1.978. Dereitos e deberes fundamentais da persoa.

Tema 2.- Entidades que comprende a Administración Local. O Municipio.

Tema 3.- Órganos de Goberno Municipais. Competencias.

Tema 4.- Ordenanzas e Regulamentos Municipais.

Tema 5.- A Facenda Local. Ingresos, taxas e prezos públicos.

Tema 6.- O procedemento Administrativo: concepto e principios Xerais.

Materias específicas.

Tema 1.- Coñecementos básicos sobre: albanería, carpintería, electricidade, xardinería, fontanería, socorrismo e organización.”

14.- CONVOCATORIA E BASES DAS PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN CONDUTOR-MAQUINISTA DESTINADO A CONDUCIR O TRACTOR DESBROZADOR E A MÁQUINA LIMPA-PRAIAS.

O Concello pretende a contratación dun condutor-maquinista destinado a conducir o tractor desbrozador e a máquina limpa-praias mediante unha contratación por obra ou servizo e polo período de un ano.

Vista a proposta da Alcaldía que di o seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA:

Á vista da necesidade de contratación de 1 CONDUTOR-MAQUINISTA destinado a conducir o tractor desbrozador e a máquina limpa-praias, ante a carencia de persoal adecuado para esas tarefas, faise necesario iniciar o procedemento de selección, así como aprobar os criterios e data de selección dos candidatos e a composición do tribunal cualificador.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar o inicio do procedemento de selección para a contratación de 1 CONDUTOR-MAQUINISTA, en contrato por obra ou servizo por “Limpeza de testeiras, desbroce de camiños públicos e núcleos e limpeza de praias” e polo período de 1 ano, a contar desde o 16 de marzo de 2009 ata o 15 de marzo de 2010. Os concorrentes deberá posuír os carnés de conducir C e E e deberán ter unha experiencia mínima de 6 meses como choferes.

2º) Aprobar os criterios de selección, así como a data de selección dos mesmos.”

Logo da reunión cos representantes de persoal.

Vistos os informes do Secretario municipal e da Interventor municipal.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

1º) Levantar o reparo emitido pola Intervención Municipal en informe de data 6 de febreiro de 2009, por entender suficiente a publicidade proposta, a sustantividade da obra ou servizo xustificativo do tipo de contrato é á vista da necesidade da contratación.

2º) Aprobar o inicio do procedemento de selección para a contratación de 1 CONDUTOR-MAQUINISTA, en contrato por obra ou servizo por “Limpeza de testeiras, desbroce de camiños públicos e núcleos e limpeza de praias” e polo período de 1 ano, a contar desde o 16 de marzo de 2009 ata o 15 de marzo de 2010. Os concorrentes deberá posuír os carnés de conducir C e E e deberán ter unha experiencia mínima de 6 meses como choferes.

3º) Aprobar os criterios de selección, así como a data de selección dos mesmos, publicando anuncio da convocatoria no no Faro de Vigo e no taboleiro de edictos do Concello.

As bases literalmente quedan como segue:

“BASES DE SELECCIÓN PARA CUBRIR 1 POSTO DE CONDUTOR-MAQUINISTA.

PRIMEIRA:OBXECTO

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección de cara á contratación de 1 condutor-maquinista destinados a conducir o tractor desbrozador e a máquina limpa-praias do Concello de Moaña.

As contratacións serán de carácter laboral e temporal, mediante contrato por obra ou servizo, de 1 ano de duración, a contar desde o 16 de marzo de 2009 ata 15 de marzo de 2010. A contratación realizarase a xornada completa.

As retribucións mensuais a percibir serán de : Soldo 1.049,20 euros, P.Puntualidade 30,57 euros, Pagas extras 181,68 euros, 1% masa 10,29 euros, Cese 28,26 euros.

SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario acreditar:

- a) Estar en posesión dos carnés de conducir C e E.
- b) Ser español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea.
- c) Ter 18 anos cumpridos na data de remate de presentación de instancias.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo. Acreditado mediante declaración xurada.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.

O anuncio de apertura do procedemento publicarase nun xornal de máxima tirada provincial e no taboleiro de anuncios do Concello. As bases faranse públicas no taboleiro de anuncios.

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello de 9:00 a 14:00 horas, desde o 11 de febreiro ao 18 de febreiro de 2009.

No mesmo prazo, os aspirantes acompañarán ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia compulsada do DNI e do documento de afiliación á seguridade social.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir.

- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaración xurada de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartado e), sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental no caso de que o solicitase o Tribunal.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da súa experiencia laboral (vida laboral actualizada, contratos, nóminas, certificacións oficiais..) e da súa formación.

CUARTA: LISTADO PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Aos dous días de rematado o prazo de presentación de instancias (20 de febreiro), publicarase no taboleiro de anuncios do Concello listado provisional de admitidos e excluídos, xunto coa valoración provisional de currículos.

QUINTA: PRESENTACIÓN DE ALEGACIONES.

Establécese un prazo de presentación de alegacións de 2 días naturais (23 e 24 de febreiro), contados a partir do seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello da lista provisional de admitidos e excluídos.

SEXTA: LISTADO DEFINITIVO DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.

Aos dous días despois de rematado o prazo de presentación de alegacións (26 de febreiro) publicarase no taboleiro de anuncios do Concello listado definitivo de admitidos e excluídos, xunto coa valoración definitiva de currículos e a data e lugar en que se realizará a proba práctica.

SÉTIMA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: - D. Jesús Boubeta García. Capataz de obras do Concello.

Vogais: - D. Carlos Piñeiro Sarmiento. Secretario do concello de Moaña.
 - Dna. María Torea Priegue. Técnica local de emprego.
 - D. Eugenio Costa Diz, funcionario de Persoal.
 - Un vogal proposto polo comité de persoal do Concello.

Secretario: - funcionario municipal adscrito á Secretaría.

Serán funcións do tribunal tanto a baremación da documentación aportada cara á valoración de currículos, como a valoración da proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver.

OITAVA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

A selección constará de dúas probas, sendo os seus contidos e cualificacións os que se describen a continuación:

Valoración de currículos: 40 % da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

a) Experiencia profesional:

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación oficial de vida laboral actualizada e copias de contratos ou nóminas, ou de IAE e alta na Seguridade Social no caso dos autónomos, ou mediante outro tipo de certificacións oficiais admitidas en dereito.

A máxima puntuación neste apartado será de 2,00 puntos.

- Por cada mes de traballo como condutor-maquinista 0,10 puntos.
- Por cada mes de traballo como chofer noutros servizos..... 0,08 puntos.

b) Cursos:

Por cada curso acreditado, directamente relacionado co posto de condutor-maquinista ou con traballos de condución de vehículos, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades:

- Ata 40 horas0.10 puntos.
- De 41 a 100 horas.....0.25 puntos.
- De 101 a 200 horas.....0.50 puntos.
- Mais de 200 horas.....0.75 puntos.

A máxima puntuación neste apartado será de 1,50 puntos.

c) Coñecemento acreditado do idioma galego:

So se valorarán os títulos outorgados ou homologados polos organismos oficiais da Xunta de Galicia. A máxima puntuación neste apartado será de 0,50 puntos.

- CELGA-3 0,25 puntos.
- CELGA-4 0,50 puntos.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 4 puntos.

Exercicio ou proba práctica. 60 % da puntuación.

Este exercicio consistirá na realización de dúas probas prácticas relacionadas coas funcións que deberán desenvolver: Condución e mantemento do tractor-desbrozador e condución e mantemento do vehículo limpa-praias.

Na fase da proba práctica poderanse acadar un máximo de 6 puntos.

Mediante a valoración de currículos máis o exercicio ou proba práctica os candidatos poderán acadar un máximo de 10 puntos.

NOVENA: RESULTADOS DA SELECCIÓN

No seguinte día hábil a aquel en que se realice a última proba de selección, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello un listado contendo os resultados da selección para todos os aspirantes por orde de puntuación.

O tribunal considerará seleccionado para o posto o candidato que maior puntuación acade.

O Tribunal cualificador elevará ao órgano competente as propostas de contratación do aspirante que obteña a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos no Real Decreto 1/1995, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores. Os restantes candidatos, ordenados de maior a menor puntuación, incluíranse nunha lista para a cobertura de substitucións ou contratacións menores de seis meses.

DÉCIMA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Lei 30/1992 de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, a Lei 4/98 de 26 de maio da Función Pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Tráballo e Promoción Profesional.”

15.- SOLICITUDE PARA O PROGRAMA DE COOPERACIÓN LOCAL 2009.

Visto o informe da técnica local de emprego do 27 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

O pasado 12 de xaneiro publicouse no DOG a Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Tráballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009. As principais características do programa para este ano son as seguintes:

- **Obxecto:** O obxecto do programa é o fomento do emprego mediante a subvención da contratación a entidades locais, ou dependentes ou vinculadas á administración local, de traballadores desempregados inscritos como demandantes de emprego e mulleres vítimas de violencia doméstica, para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.
- **Contía da subvención:** A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias para a contratación de traballadores será a necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á seguridade social, establecidos segundo o convenio colectivo que resulte de aplicación na contratación dos traballadores. Non se subvencionan as indemnizacións por cese nin os pluses ou primas extrasalariais.
- **Retribución dos traballadores:** A retribución a percibir polos traballadores será a que estableza para cada categoría profesional o convenio colectivo que resulte de aplicación.

- **Criterios de valoración dos proxectos:** Este ano dase especial importancia ós colectivos que se pretendan contratar a través de cada obra ou servizo para os que se solicita subvención. Debe acompañarse á solicitude de subvención unha memoria, explicando a que colectivo de desempregados se dirixe, preferentemente cada obra ou servizo. Tendo preferencia os seguintes colectivos:

1º) Desempregados de longa duración.

2º) Mulleres, que deberán supoñer no seu conxunto, cando menos, o 62% do total dos traballadores finalmente contratados.

3º) Demandantes de primeiro emprego, que deberán ser un 22%, dos que as mulleres serán un 55%.

4º) Demandantes sen formación de tipo profesional, que deberán ser o 78% das persoas beneficiarias finalmente contratadas, dos que o 59% serán mulleres.

- **Selección dos traballadores:** Unha vez concedida a subvención, de cara á selección dos traballadores, é necesario realizar oferta pública de emprego ante a oficina de emprego. A oficina de emprego debe enviar polo menos dous candidatos por posto, correspondendo á entidade promotora a selección final de entre os candidatos enviados, pero outorgando preferencia en todo caso ós colectivos prioritarios e con especiais dificultades de inserción laboral.

- **Contratación dos traballadores;** Os traballadores deberán ser contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social. Os contratos deben formalizarse en todo caso dentro do exercicio 2009.

- **Xustificación e pagamento:** Unha vez contratados os traballadores e iniciadas as obras e servizos debe enviarse á Consellería no prazo dun mes (e con carácter xeral antes do 1 de decembro) xustificación de inicio acompañada dos contratos e altas na seguridade social dos traballadores contratados e dunha fotografía do cartel informativo da obra, realizado en modelo oficial. Recibida a xustificación de inicio a Consellería procederá a aboar ás entidades beneficiarias o 100% da subvención concedida.

- **Prazo:** O prazo de presentación de solicitudes **dos Programas de Cooperación Local** remata o 16 de febreiro **de 2009**.

Vista a proposta da Alcaldía do 6 de febreiro de 2009, que textualmente di:

Á vista da Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2009, faise necesario determinar para qué proxectos vai solicitar subvención con cargo a estes programas o Concello de Moaña.

Á vista do anterior, **PROPOÑO:**

Que dentro das subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, o Concello de Moaña solicite á Consellería de Traballo subvención para a contratación de 53 traballadores desempregados para a realización das obras e servizos; Programa de limpeza de praias, Programa de socorrismo e vixilancia de praias, Programa de atención a bibliotecas e comedores escolares, Mantemento de zonas verdes e espazos públicos, Recuperación do patrimonio etnográfico, Programa de conservación de instalacións municipais, Mantemento e rexeneración de espazos naturais, Programa de dinamización sociocultural e Reforzo de servizos administrativos.

O número de traballadores por obra ou servizo e a subvención a solicitar polos mesmos, de acordo cos vixentes convenios colectivos do sector da construción, de oficinas e despachos e de instalacións deportivas e ximnasios expóñense a continuación:

1. Programa de limpeza de praias (convenio construción)

5 traballadores: 5 peóns de limpeza de praias.

Duración dos contratos: 5 meses.

Obras ou servizos a realizar: Limpeza de praias e acondicionamento de espazos naturais circundantes.

Colectivo que se pretende contratar: Mulleres, paradas de longa duración.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
41.064,75	4.254,25

2. Programa de socorrismo e vixilancia de praias (convenio instalacións deportivas).

4 traballadores: 2 socorristas e 2 patróns de embarcación.

Duración dos contratos: 5 meses.

Obras ou servizos a realizar: socorrismo e vixilancia de praias.

Colectivo que se pretende contratar: Mulleres, e mozos con escasa experiencia profesional.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
22.152,60	1.018,60

3. Programa de atención a bibliotecas e comedores escolares. (convenio oficinas e despachos)

7 traballadores: 7 técnicos superiores en educación infantil.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Atención das bibliotecas públicas e comedores escolares.

Colectivo que se pretende contratar: Demandantes de primeiro emprego.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
121.217,88	2.033,96

4. Mantemento de zonas verdes e espazos públicos. (convenio construción)

8 traballadores: 2 oficiais 1ª xardineiros e 6 peóns xardineiros.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Recuperación e mantemento de parques públicos e zonas verdes existentes no entorno urbano do Concello de Moaña.

Colectivo que se pretende contratar: Parados de longa duración.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
164.646,24	16.505,52

5. Recuperación do patrimonio etnográfico. (convenio construción)

13 traballadores: 1 of. 1ª canteiro, 1 of. 1ª carpinteiro, 1 of. 1ª albanel e 10 peóns de servizos múltiples.
 Duración dos contratos: 12 meses.
 Obras ou servizos a realizar: Recuperación de elementos do patrimonio urbanístico tradicional do Concello de Moaña (muíños de río, antigos camiños, edificios históricos, fontes tradicionais).
 Colectivo que se pretende contratar: Parados de longa duración.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
267.132,96	26.800,32

6. Programa de conservación de instalacións municipais. (convenio construción)

7 traballadores: 1 of. 1ª carpinteiro , 1 of. 1ª albanel e 5 peóns.
 Duración dos contratos: 12 meses.
 Obras ou servizos a realizar: mantemento e reparación de espazos urbanos (praza de abastos, prazas públicas, paseos marítimos) e edificios públicos (casa consistorial, bibliotecas, pavillóns de deportes, colexios...)
 Colectivo que se pretende contratar: Parados de longa duración.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
144.482,64	14.463,48

7. Mantemento e rexeneración de espazos naturais. (convenio construción)

6 traballadores: 1 capataz forestal (técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos) e 5 peóns forestais.
 Duración dos contratos: 12 meses.
 Obras ou servizos a realizar: Recuperación e mantemento de rutas de sendeirismo, zonas naturais e contornos dos ríos existentes no Concello de Moaña.
 Colectivo que se pretende contratar: Parados de longa duración.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
122.650,32	12.336,84

8. Programa de dinamización sociocultural. (convenio oficinas e despachos)

5 traballadores: 2 técnicos superiores en animación de actividades físicas e deportivas, 1 técnico superior en animación sociocultural, 1 técnico superior en integración social e 1 técnico superior en turismo.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Organización de actividades para a xuventude concertos, campamentos, eventos culturais, eventos deportivos, axuda na casa da xuventude e axuda na ludoteca municipal, información turística...

Colectivo que se pretende contratar: Mulleres con escasa experiencia profesional.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
86.584,20	1.452,60

9. Reforzo de servizos administrativos. (convenio oficinas e despachos)

10 traballadores: 3 técnicos superiores en administración e finanzas, 2 técnicos superiores en desenvolvemento de proxectos de construción, 3 técnicos medios en xestión administrativa e 2 conserxes.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Reforzo dos departamentos de urbanismo, secretaría, rexistro, persoal e alcaldía.

Colectivo que se pretende contratar: Mulleres con escasa experiencia profesional.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
157.466,16	2.661,96

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía sobre solicitude do programa de Cooperación Local 2009.

16.- FURANCHOS

D. MAXIMINO RODRÍGUEZ MOLANES, solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia, no baixo da súa vivenda en Sabaceda, 1, de abril a xuño do 2009. Presenta declaración de produción campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado no citado período, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

17.- SOLICITUDE DE D. BORJA CURRA FONTÁN

D. Borja Curra Fontán, mediante escrito con entrada no rexistro municipal o día 23 de xaneiro de 2009, expón que ía andando pola rúa e metiu un pé nunha alcantarilla na rúa Cabanillas, perto de Vodafone, e solicita o arranxo inmediato e unha indemnización.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a súa solicitude por falta de acreditación da responsabilidade municipal.

18.- SOLICITUDE DE D. DAVID PÉREZ BERNÁRDEZ

D. David Pérez Bernárdez, mediante escrito con entrada no rexistro municipal o día 1 de febreiro de 2009, expón que ás 8:50 circulaba pola rúa As Barxas, dirección Garda Civil cara ao Concello e ao pasar a rotonda circulando co seu vehículo colleu un gran bache que non puido esquivar, co que se lle dobrou a llanta e se lle estropeou a cuberta, e ao descoñecer que tiña que quedarse no sitio do sinistro foi á Garda Civil, que lle remitiu á Policía Local; solicita o arranxo da llanta e cuberta dianteira dereita.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal nos danos sufridos, e pola ausencia de acreditación fehaciente do nexo causal entre os danos sufridos e o estado de conservación do servizo municipal.

19.- RECLAMACIÓN DE CASER SOBRE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Visto o escrito de D. Luis Guillán Pedreira en representación de CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, S.A. – CASER no que formula reclamación de responsabilidade patrimonial fronte ao Concello baseándose en que o día 23.10.08, D. Francisco José Seoane Raña tiña o seu vehículo correctamente estacionado na rúa Ramón Cabanillas, ao lado dunha farola de alumeado público. D. Jesús Couso Carrera paseaba por dita rúa e tivo que agarrarse á farola a cal, por estar oxidada na súa base, caeu sobre o vehículo do señor Seoane, causándolle danos –peritados por CSP na cantidade de 1.054,10 euros-

Expón tamén que o vehículo do Sr. Seoane estaba asegurado na entidade Caser que foi quen lle pagou a factura da reparación e que agora exercita as accións que a Lei de contrato de seguro lle concede por subrogación nos dereitos do seu asegurado. Acompaña documentación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda remitir a reclamación ao seguro municipal de responsabilidade patrimonial.

20.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO BARRIO DE O REAL (MOAÑA)”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Humanización do Barrio de O Real (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Humanización do Barrio de O Real (Moaña)” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de execución por contrata de OITOCENTOS CINCOENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (859.999,99 euros). (741.379,31 euros + 118.620,68 euros de IVE).

21.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “REURBANIZACIÓN DA RÚA AS BARXAS (MOAÑA)”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Reurbanización da Rúa As Barxas (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Reurbanización da Rúa As Barxas (Moaña)” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de execución por contrata de TRESCIENTOS DESASETE MIL CINCOCENTOS VINTECINCO EUROS E VINTECINCO CÉNTIMOS (317.525,25 euros). (273.728,66 euros + 43.796,59 euros de IVE).

22.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REIBÓN (MOAÑA)”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Reforma do Pavillón Polideportivo de Reibón (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Reforma do Pavillón Polideportivo de Reibón (Moaña)” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de execución por contrata de DOUSCENTOS VINTECATRO MIL TRESCIENTOS VINTECINCO EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (224.325,63 euros). (193.384,16 euros + 30.941,46 euros de IVE).

23.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “REFORMA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DO ROSAL (MOAÑA)”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Reforma do Pavillón Polideportivo do Rosal (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Reforma do Pavillón Polideportivo do Rosal (Moaña)” redactado polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de CENTO TRINTA E UN MIL NOVECENTOS CORENTA E DOUS EUROS E VINTENOVE CÉNTIMOS (131.942,29 euros). (113.743,35 euros + 18.198,94 euros de IVE).

24.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO ALMACÉN, SAN BARTOLOMEU, A PRAIA, TIRÁN E O CASAL NO CONCELLO DE MOAÑA”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e O Casal no Concello de Moaña” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e O Casal no Concello de Moaña” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de execución por contrata de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (86.206,90 + 13.793,10euros de IVE).

25.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MARÍA MALVIDO NÚÑEZ.	Auga para usos domésticos	Carballadasna, 37	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza 20 €	Aqualia Aparejador municipal
INDALECIO CAAMAÑO TRIGO	Auga Saneamento usos domésticos	Senra, 4 – portal 1 – planta 1	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza 20 € Conexión sumidoiros..... 180 €	Aqualia Aparejador municipal
MARIA LETICIA ALONSO SANTOS	Auga Saneamento usos domésticos	Concepción Arenal, 254 – 2º - Moaña	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza 20 € Conexión sumidoiros..... 180 €	Aqualia Aparejador municipal

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:20 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.